



# CONCELLO DE NARÓN

**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/48/2014	CONYI0VD
1A040E161C65404I01F9	

Acta da xuntanza mantida pola Mesa de contratación para a cualificación da documentación contida no sobre "1" referente á documentación administrativa, presentados polos licitadores participantes no proceso de licitación para a adxudicación do procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, tramitado para contratar o servizo de monitores nas escolas deportivas municipais

En Narón, a catorce de novembro de dous mil catorce, sendo as 12,15 horas, reúnen os membros da Mesa de contratación segundo o establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares e formada polas persoas que de seguido se relacionan:

**PRESIDENTE:** D. José M. Blanco Suárez Alcalde-Presidente

**VOGAIS:** D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral do Concello  
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental  
D. Natalia Hermida Rico, Concelleira delegada para asuntos de mocidade e deportes

**SECRETARIO:** Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección Contratación

O Sr. Presidente declara validamente constituída a Mesa, procedendo a apertura dos sobres 1 presentados en tempo e forma polos seguintes licitadores:

- Hebe Sport SL
- Serviplustotal SLU
- Servicios Deportivos de Galicia S.L.
- Axiña Servicios Deportivos S.L.
- Arasti Barca M.A. S.L.
- Eulen S.A.
- Ferroviai Servicios SAU
- Serviocio SL.

O secretario procede a ler un breve resumo do anuncio de licitación do servizo, publicado no BOP e máis informe no que consta a relación de empresas presentados ao devandito concurso.

Deixase constancia de que todas as ofertas foron presentadas dentro do prazo concedido a estes efectos.

Procédese á apertura dos sobres 1, relativos á documentación administrativa e do análise da referida documentación, adóptanse os seguintes acordos:

Declarar suficientes a documentación presentada polas as empresas:

- Hebe Sport SL
- Servicios Deportivos de Galicia S.L.
- Arasti Barca M.A. S.L.
- Ferroviai Servicios SAU
- Serviocio SL.



**NARÓN**

## CONCELLO DE NARÓN

Solicitar información ás empresas Axíña Servicos Deportivos SL. e Eulen SA. A primeira para que presente certificación das entidades contratantes con respecto á facturación ou abono correspondente as actividades deportivas daqueles contratos que engloban outras actividades distintas daquelas que son obxecto deste contrato, para poder determinar a solvencia técnica presentada. Por outra banda Eulen SA presenta certificacións de servizos prestados, redactadas con datas moi anteriores ao remate do prazo de presentación de ofertas, non acreditándose nesta documentación os servizos prestados durante o ano 2013 nos concellos de Calahorra e Valladolid, polo que deberán presentar certificacións complementarias dos contratos xa xustificadas, no que se inclúan os datos relativos ao ano 2013.

Por último non se admitirá a oferta presentada pola mercantil Serviplus total SLU, por non cumprir cos criterios establecidos no anexo II do prego de condicións administrativas particulares, no que se esixe un volume de negocios igual ou superior ao tipo de licitación en cada un dos anos esixidos (tres últimos anos), sendo o tipo de licitación de 687.280,00 IVE non incluído e o volume de negocios que presenta a empresa licitadora é de 234.757,93, 212.434,14 e 283.057,38 correspondentes aos anos 2011-2013. En consecuencia tampouco acada os criterios de solvencia técnica establecidos no PCAP.

A mesa de contratación a teor do disposto no artigo 81.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, acorda conceder un prazo de tres días para a corrixir os defectos sinalados.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 12 horas e 55 minutos, de todo o cal, como Secretario dou fe, asinando comigo, a presente Acta, o Sr. Presidente.